

[Empty dashed box for writing]

[Empty dashed box for writing]



[Empty dashed box for writing]



Os acontecementos importantes da vida esperámoslos con interese e facemos moitos preparativos para vivilos alegremente.



¿Cal dos seguintes acontecementos "esperas" con máis alegría e con máis ilusión? ¿Por que?



A fin de semana

As vacacións de verán

Unha competición deportiva

O aniversario do nacemento

Unha viaxe a outra cidade

A catequese



Completa as seguintes frases:

A festa do ano que máis me gusta é

A última festa importante que tivemos na casa foi

O que se celebra no Nadal é

Onde eu son, cando chega o Nadal, fanse as seguintes cousas:



Preparamos a vinda do Señor



- Tres grandes personaxes invítannos a recibir a Xesús que nace.



¡Alégrate, Xerusalén!
Chega o teu Salvador.
A virxe dará a luz un fillo,
que se chamará Emmanuel
(Deus connosco).



Confío no Señor,
porque El vén
en auxilio de Israel,
como llelo prometera
aos nosos pais.





Escrebe o nome do personaxe da páxina anterior que nos invita a ter cada unha destas tres actitudes.





Preparar o corazón.



● **Actitudes para preparar o nacemento de Xesús:**

O mellor xeito de prepararse para acoller a Xesús no Nadal é ter as actitudes propias do Advento:



Completa as frases co par de palabras que corresponda:

Conversión e arrepentimento
Oración e súplica

Alegría e esperanza
Traballo e boas obras

- _____ e _____ porque estamos seguros de que Deus nos envía ao seu fillo Xesús, que nos trae a salvación.
- _____ e _____ xa que recoñecemos que temos moitos fallos que queremos corrixir.
- _____ e _____, ou sexa, facer ben as tarefas de cada día: bo comportamento na casa, no colexio, cos amigos.
- _____ e _____ a Deus para que todas as persoas recibamos con cariño a Xesús en Nadal.
